

BALANCE ABREVIADO NO PECHE DO EXERCICIO 2021
FUNDACIÓN PÚBLICA ARTESANÍA DE GALICIA

ACTIVO	NOTAS DA MEMORIA	2021	2020
A) ACTIVO NON CORRENTE		8.197,85	11.435,23
I. Inmobilizado intanxible	5	1.384,52	2.557,26
II. Bens do patrimonio histórico		-	-
III. Inmobilizado material	5	2.813,33	4.877,97
IV. Investimentos inmobiliarios		-	-
V. Investimentos en entidades do grupo e asociadas a longo prazo		-	-
VI. Investimentos financeiros a longo prazo	7	4.000,00	4.000,00
VII. Activos por imposto diferido		-	-
B) ACTIVO CORRENTE		1.427.281,32	1.441.985,28
I. Existencias		-	-
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia	7	18.761,93	22.826,68
III. Debedores comerciais e outras contas para cobrar		-	-
IV. Investimentos en entidades do grupo e asociadas a curto prazo		-	-
V. Investimentos financeiros a curto prazo		-	-
VI. Periodificacións a curto prazo		-	-
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	7	1.408.519,39	1.419.158,60
TOTAL ACTIVO (A+B)		1.435.479,17	1.453.420,51

PATRIMONIO NETO E PASIVO	NOTAS DA MEMORIA	2021	2020
A) PATRIMONIO NETO		1.388.697,61	1.389.832,30
A-1) Fondos propios	9	160.007,68	159.918,39
I. Dotación fundacional		60.000,00	60.000,00
1. Dotación fundacional		60.000,00	60.000,00
2. (Dotación fundacional non exixida)		-	-
II. Reservas		-	-
III. Excedentes de exercicios anteriores	9	99.918,39	98.970,86
IV. Excedente do exercicio	3	89,29	947,53
A-2) Axustes por cambio de valor		-	-
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos	12	1.228.689,93	1.229.913,91
B) PASIVO NON CORRENTE		-	-
I. Provisións a longo prazo		-	-
II. Débedas a longo prazo		-	-
1. Débedas con entidades de crédito		-	-
2. Acredores por arrendamento financeiro		-	-
3. Outras débedas a longo prazo		-	-
III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a longo prazo		-	-
IV. Pasivos por imposto diferido		-	-
V. Periodificacións a longo prazo		-	-
C) PASIVO CORRENTE		46.781,56	63.588,21
I. Provisións a curto prazo		-	-
II. Débedas a curto prazo		-	-
1. Débedas con entidades de crédito		-	-
2. Acredores por arrendamento financeiro		-	-
3. Outras débedas a curto prazo		-	-
III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a curto prazo		-	-
IV. Beneficiarios-acreedores		-	-
V. Acredores comerciais e outras contas para pagar	8,10	46.781,56	63.588,21
1. Provedores		-	-
2. Outros acredores	8,10	46.781,56	63.588,21
VI. Periodificacións a curto prazo		-	-
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)		1.435.479,17	1.453.420,51

CONTA DE RESULTADOS ABREVIADA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO REMATADO O 31 DE DECEMBRO DE 2021
FUNDACIÓN PÚBLICA ARTESANÍA DE GALICIA

	Nota	(Debe) Haber	
		2021	2020
A) Excedente do exercicio			
1. Ingresos da actividade propia		701.360,07	706.092,31
a) Cotas de asociados e afiliados		-	-
b) Achegas de usuarios	11	29.620,47	30.764,55
c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións		-	-
d) Subvencións, doazóns e legados imputados ao excedente do exercicio	12	671.739,60	675.327,76
e) Reintegro de axudas e asignacións		-	-
2. Gastos por axudas e outros	11	-14.700,00	-26.000,00
a) Axudas monetarias		-14.700,00	-26.000,00
b) Axudas non monetarias		-	-
c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno		-	-
d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados		-	-
3. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación		-	-
4. Traballos realizados pola entidade para o seu activo		-	-
5. Aprovisionamentos		-	-
6. Outros ingresos da actividade		-	-
7. Gastos de persoal	11	-276.358,02	-277.788,67
8. Outros gastos da actividade	11	-410.212,76	-401.356,11
9. Amortización do inmovilizado	5	-3.237,38	-2.844,60
10. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ao excedente do exercicio.	12	3.237,38	2.844,60
11. Exceso de provisións		-	-
12. Deterioración e resultado por alleamentos do inmovilizado		-	-
A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12)		89,29	947,53
13. Ingresos financeiros	7	-	-
14. Gastos financeiros		-	-
15. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros		-	-
16. Diferenzas de cambio		-	-
17. Deterioración e resultado por alleamentos de instrumentos financeiros		-	-
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (13+14+15+16+17)		0,00	0,00
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)		89,29	947,53
18. Impostos sobre beneficios		-	-
A.4) Variación de patrimonio neto recoñecida no excedente do exercicio (A.3+18)		89,29	947,53
B) Ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto			
1. Subvencións recibidas		673.753,00	659.037,83
2. Doazóns e legados recibidos		-	-
3. Outros ingresos e gastos		-	-
4. Efecto impositivo		-	-
B.1) Variación de patrimonio neto por ingresos e gastos recoñecidos directamente no patrimonio neto (1+2+3+4)		673.753,00	659.037,83
C) Reclasificacións ao excedente do exercicio			
1. Subvencións recibidas		-674.976,98	-678.172,36
2. Doazóns e legados recibidos		-	-
3. Outros ingresos e gastos		-	-438,97
4. Efecto impositivo		-	-
C.1) Variación de patrimonio neto por reclasificacións ao excedente do exercicio (1+2+3+4)		-674.976,98	-678.611,33
D) Variacións de patrimonio neto por ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto (B.1+C.1)		-1.223,98	-19.573,50
E) Axustes por cambios de criterio		-	-
F) Axustes por erros		-	-
G) Variacións na dotación fundacional		-	-
H) Outras variacións		-	-
I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)	3	-1.223,98	-18.625,97

MEMORIA ABREVIADA

EXERCICIO 2021

Data de peche 31/12/2021

FUNDACIÓN PÚBLICA ARTESANÍA DE GALICIA

Nº DE REXISTRO 2003/29

CIF G-15.889.744

1. ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN

1.1 A Fundación Pública Artesanía de Galicia (en adiante a Fundación) constitúese mediante escritura pública o 20 de novembro de 2003. A Fundación non ten ánimo de lucro.

1.2 O obxecto principal da Fundación, segundo se establece no artigo 6 dos seus estatutos, é a promoción da Artesanía de Galicia en tódalas súas vertentes, afectando o patrimonio á realización, sen ánimo de lucro, de fins de interese xeral para Galicia.

En xeral son fins da Fundación dotar ao sector artesanal dunha infraestrutura especializada que poida desenvolver programas de asistencia, formación, innovación, recuperación, catalogación, promoción, comercialización e calquera outro aspecto inherente á cultura dos oficios artesanais en Galicia. En particular son fins da Fundación a consecución dos seguintes obxectivos:

- Dotar ao sector artesanal de Galicia dos profesionais e técnicos que necesite, mediante unha formación especializada e de perfeccionamento, incidindo especialmente no deseño, a innovación e a aplicación de novas tecnoloxías e a xestión.
- Potenciar o desenvolvemento económico do colectivo artesanal, asesorando ao sector na mellora das súas estruturas e procesos produtivos e comercializadores.
- Aproveitar a dimensión e potencial formativo e educativo orientado tanto aos profesionais como ao público en xeral, dando a coñecer os oficios, os produtos e informando da súa oferta.

- Crear un fondo documental que preste soporte a un eficaz e imprescindible servizo de información e asistencia técnica.
- Recuperar, documentar e asegurar a supervivencia das actividades artesanais que pola súa tradición ou calidade singulares se consideren parte integrante do patrimonio artesanal de Galicia.
- Promover a artesanía de Galicia en tódalas súas vertentes, poñendo especial énfase na vinculación da actividade artesanal cos hábitos comerciais ao uso, mellorando e promovendo a presenza dos produtos artesanais de Galicia nos mercados.
- Programar e xestionar as actuacións que desde a administración autonómica de Galicia se acometan en materia de formación, arquivo, información, investigación e promoción sobre artesanía de Galicia.
- Mellorar a calidade técnica e artística dos produtos artesáns de Galicia.
- Dar acollida ás manifestacións máis significativas que mostren o variado mundo da creación artesanal de Galicia.

1.3 As actividades realizadas no exercicio foron:

A Fundación Pública Artesanía de Galicia nace co obxectivo de contribuír á promoción e ao desenvolvemento do sector artesanal galego. O plan de actuación céntrase en 4 eixes de actuación que responden ás demandas reais dun sector artesán que recolle un incremento cada vez máis acusado dunha nova xeración de artesáns:

o ARTESANÍA = EMPRESA

Obxectivos xerais:

- Aposta pola comercialización no eido local, nacional e internacional e o seu posicionamento no mercado actual.
- Reformulación dos sistemas tradicionais de comercialización e estudo sobre as posibilidades que ofrecen novas formas como a asistencia a feiras especializadas, a introdución do produto artesán en accións de promoción de Galicia en colaboración con outras institucións, o pulo á realización de showrooms e pop up, a realización de feiras ou mostras de artesanía nas que se combine a promoción e posta en valor dos oficios artesanais e a venda de produtos artesanais de alta calidade con outros elementos culturais (música, folclore, exposicións, talleres, gastronomía, etc)

o PROFESIONALIZACIÓN, FORTALECEMENTO DO TECIDO PRODUTIVO ARTESÁN E MAIOR VISIBILIDADE DO SECTOR

Obxectivos xerais:

- Formación especializada e mellora continua do sector.
- Aposta por unha maior visibilidade do produto feito a man.

o DIVULGACIÓN

Obxectivos xerais:

- Accións de promoción e publicidade da actualidade e realidade da Artesanía de Galicia.

o ARTESANÍA INNOVADORA E COLABORATIVA

Obxectivos xerais:

- Innovación, deseño e creatividade como aposta de modernización do sector.
- Pulo á cooperación intra e intersectorial favorecendo espazos de encontro con diferentes axentes.

1.4 A fundación ten o seu domicilio no Local Comercial L25MN - Área Central de Santiago de Compostela.

1.5 A Fundación réxese polo disposto na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego que derroga a Lei 7/1983, do 22 de xuño, de Réxime das Fundacións de Interese Galego e a Lei 11/1991, do 8 de novembro de modificación da anterior, e pola Lei 3/2002, do 29 de abril, de Medidas de Réxime Fiscal e Administrativo; polo Regulamento de Fundacións de Interese Galego aprobado polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, e mais polo Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, que derrogan o Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego; pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades Sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, e o seu correspondente Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins de lucro e dos incentivos fiscais ao mecenado, aprobado polo Real Decreto 1270/2003, do 10 de outubro; pola Lei 16/2010, 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia que derroga a Lei de Galicia 10/1996, do 5 de novembro, de actuacións de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de

Galicia en materia de persoal e contratación; polo Real decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos, tendo presente o Real decreto 1517/2011, do 31 de outubro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve o texto refundido da Lei de auditoría de contas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2011, do 1 de xullo, e o Real Decreto lexislativo 1/2011, do 1 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de auditoría de contas e Real Decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas e os criterios contables específicos para microempresas para aqueles aspectos que foran modificados; pola Lei 50/2002, do 26 de decembro, de Fundacións; polas demais disposicións aplicables vixentes e polos seus Estatutos.

1.6 No exercicio 2017 elévanse ó público os acordos tomados en xuntanza polos membros do Padroado da Fundación nas cales se acorda a modificación dos Estatutos da Fundación así como a modificación da denominación social de modo que a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño pasa a denominarse Fundación Pública Artesanía de Galicia. Acórdase tamén a modificación do domicilio social da Fundación.

2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

a) Imaxe fiel:

As contas anuais reflicten a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación.

Estas contas anuais relativas ao exercicio rematado o 31 de decembro de 2021, elabóranse a partir dos rexistros auxiliares da Fundación e preséntanse de acordo coa normativa contable vixente, o Real Decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo do plan de actuación das entidades sen fins lucrativos, que entrou en vigor o día 01 de xaneiro de 2012.

b) Principios contables non obrigatorios aplicados:

Para a formulación destas contas anuais non se aplicaron principios contables non obrigatorios.

c) Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza:

Non existen supostos claves, nin datos sobre a estimación da incerteza na data de peche do exercicio, que leven asociados un risco importante, ou poidan supor cambios significativos no valor dos activos e pasivos. A Dirección da Fundación formula estas contas anuais baixo o principio de entidade en funcionamento.

Non tiveron lugar cambios de estimacións contables significativos.

O Órgano de Xestión non é consciente da existencia de incertezas que poidan aportar dúbidas significativas sobre a posibilidade de que a entidade siga funcionando con normalidade.

d) Comparación da información:

Preséntanse, a efectos comparativos, con cada unha das partidas do balance de situación, da conta de resultados e da memoria, ademais das cifras do exercicio 2021, as

correspondentes ao exercicio anterior. As partidas de ambos exercicios son comparables, sen prexuízo do establecido nos parágrafos seguintes.

e) Elementos recollidos en varias partidas:

Non hai elementos patrimoniais que figuren rexistrados en dúas ou máis partidas do Balance.

f) Cambios en criterios contables:

Non se realizaron no exercicio axustes as Contas Anuais do exercicio 2021 por cambios de criterios contables.

g) Corrección de erros:

Non se detectaron erros existentes ao peche do exercicio anterior que obriguen a reformular as contas. Os feitos coñecidos con posterioridade ao peche que puideran aconsellar axustes ás estimacións a peche de exercicio, que entrañen certa substancialidade, foron mencionados nos seus apartados correspondentes.

As contas anuais do exercicio someteranse á súa aprobación polo Padroado da Fundación e espérase que non sufran variacións significativas.

A Fundación auditou as contas anuais do exercicio 2020 e anteriores.

3. EXCEDENTE DO EXERCICIO

3.1. A principal partida que forma parte do resultado do exercicio respecto aos gastos é a correspondente a Outros gastos da actividade, incorridos para levar a cabo as actividades propias da Fundación. O detalle dos mesmos figura no punto 11 desta memoria.

Respecto aos ingresos, a principal partida son os procedentes das subvencións imputadas ao resultado, que se detallan no punto 12 da memoria.

3.2. Proposta de aplicación do excedente:

A proposta de aplicación do resultado do exercicio 2021, formulada pola Dirección da Fundación e pendente de aprobación polo Padroado da mesma recóllese no seguinte cadro:

Base de repartición	Importe
Excedente do exercicio	89,29
Remanente	0,00
Reservas voluntarias	0,00
Reservas para cumprimento de fins aplicadas no exercicio	0,00
Total	89,29

Aplicación	Importe
A dotación fundacional	89,29
A reservas especiais	0,00
A reservas voluntarias	0,00
A reserva para cumprimento de fins	0,00
A compensación de excedentes negativos de exercicios anteriores	0,00
Remanente	0,00
Total	89,29

A Fundación para alcanzar os seus obxectivos e compromisos na realización de actividades propias, destinou para a súa realización, ademais das transferencias de capital e correntes recibidas para tal fin, os ingresos da participación dos usuarios no custo das actividades.

De acordo co artigo 35 da Lei 12/2006, deberase destinar á realización dos fins fundacionais, cando menos, o 70% das rendas que obteña a Fundación e dos outros ingresos que non formen parte da súa dotación, logo de deducir os gastos realizados para a obtención de tales rendas e ingresos. O resto de rendas e ingresos, unha vez deducidos os gastos de administración, deberase destinar a incrementar a dotación ou as reservas, segundo o acordo do Padroado.

4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

Estas contas anuais foron preparadas de acordo coas normas de valoración contidas na Adaptación do Plan Xeneral de Contabilidade ás Entidades sen Fins Lucrativos, aplicando os novos criterios que o Real Decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo do plan de actuación das entidades sen fins lucrativos, establece para estas entidades.

Os criterios contables aplicados en relación coas diferentes partidas, son os seguintes:

a) Inmobilizado intanxible:

Os elementos patrimoniais aquí contidos son de carácter intanxible e recoñécense inicialmente polo seu custo de adquisición ou produción e, posteriormente, valóranse ao seu custo menos, segundo proceda, a súa correspondente amortización acumulada e/ou as perdas por deterioro que experimenten.

A amortización realízase, con carácter xeral, durante os seguintes anos de vida útil estimada:

	Anos	%
Aplicacións informáticas	3	33

Os custos de mantemento das aplicacións informáticas lévanse a gastos no momento en que se incorre neles.

b) Inmobilizado material:

O inmobilizado material valórase inicialmente polo seu prezo de adquisición ou custo de produción, e posteriormente polo mesmo menos a amortización acumulada e, no seu caso, o importe acumulado das correccións valorativas por deterioro recoñecidas.

A amortización dos elementos do inmobilizado material realízase sobre os valores de custo seguindo o método lineal, durante os seguintes anos de vida útil estimada (porcentaxes medias):

	Anos	%
Equipos para procesos de información	4	25
Mobiliario	10	10
Outras instalacións e ferramentas	3	25

A cualificación dos contratos como arrendamentos financeiros ou operativos depende das circunstancias de cada parte do mesmo. A entidade cualifica o arrendamento do local onde se leva a cabo a actividade como operativo por considerarse que non se transfiren substancialmente todos os riscos e beneficios inherentes á propiedade do mesmo.

Os investimentos realizados polo arrendatario que non sexan separables do activo arrendado contabilizaranse como inmobilizados materiais cando cumbran a definición de activo. A amortización destes investimentos realizarase en función da súa vida útil que será a duración do contrato de

arrendamento, incluído o período de renovación cando existan evidencias que soporten que a mesma vaise producir, cando esta sexa inferior á vida económica do activo.

c) Instrumentos financeiros:

Activos financeiros non correntes e outros activos financeiros. Cando son recoñecidos inicialmente, contabilízanse polo seu valor razoable máis, agás no caso dos activos financeiros o valor razoable con cambios en resultados, os custos de transacción que son directamente imputables.

No balance de situación, os activos financeiros clasifícanse entre correntes e non correntes en función de que o seu vencemento sexa menor/igual ou superior/posterior a doce meses.

De acordo coa súa valoración a entidade unicamente rexistra:

Activos financeiros a custo amortizado. Activos financeiros que se orixinan na actividade propia da entidade e aqueles non derivados que supoñen cobros fixos ou determinables e non negociados nun mercado activo. Tras o seu recoñecemento inicial polo seu valor razoable que, agás evidencia en contra, será a contraprestación máis os custos da operación directamente atribuíbles, valóranse, posteriormente e acolléndose ao principio de importancia relativa, polo valor de reembolso ao considerar que a diferenza entre este e o custo amortizado non ten incidencia significativa e polo tanto non altera a imaxe fiel.

Os créditos por operacións da actividade con vencemento non superior a un ano e que non teñan un tipo de xuro contractual, así como os anticipos e créditos ao persoal,

que se esperan recibir no curto prazo, valóranse polo seu valor nominal inicial e posteriormente, por considerar que a actualización dos fluxos de efectivo non é significativa.

As dotacións e reversións de deterioros de valor dos activos financeiros, recoñécense no resultado do período por diferenza entre o valor en libros e o valor actual dos fluxos de efectivo recuperables.

Os depósitos e fianzas recoñécense polo importe desembolsado para facer fronte aos compromisos contractuais.

Efectivo e outros activos líquidos equivalentes. A tesourería depositada na caixa da entidade, os depósitos bancarios á vista e os activos financeiros que sexan convertibles en efectivo e que no momento da súa adquisición, o seu vencemento non sexa superior a tres meses, sempre que non exista risco significativo de cambios de valor e formen parte da política de xestión normal da tesourería da entidade.

Pasivos financeiros. Os pasivos financeiros clasifícanse conforme ao contido dos acordos contractuais pactados e atendendo o seu fondo económico.

No balance de situación, as débedas clasifícanse en función dos seus vencementos, como débedas correntes aquelas con vencemento igual ou anterior a doce meses e como débedas non correntes as de vencemento posterior a dito período.

De acordo coa súa valoración a entidade unicamente rexistra:

Pasivos financeiros a custo amortizado. Pasivos financeiros que se orixinan na compra de bens e servizos pola actividade propia da entidade, máis aqueles que non teñen

orixe comercial. Inicialmente valóranse polo valor razoable da contraprestación axustado polos custos que lle sexan directamente atribuíbles e posteriormente, e acolléndose ao principio de importancia relativa, valóranse polo valor de reembolso ao considerar que a diferenza entre este e o custo amortizado non ten incidencia significativa e polo tanto non altera a imaxe fiel.

Os acredores comerciais con vencemento non superior ao ano e que non debeñan explicitamente xuros, que se esperen pagar no curto prazo, valóranse, tanto inicial como posteriormente, polo seu valor nominal por considerar non significativo o efecto de actualizar os fluxos de efectivo.

d) Transaccións en moeda estranxeira:

A moeda funcional da entidade é o euro. As operacións expresadas en moedas distintas rexístranse polo seu contravalor en euros, utilizando os xuros de cambio de contado, é dicir, o xuro utilizado nas transaccións con entrega inmediata, entre ambas moedas, na data en que se recoñezan. Os beneficios ou perdas polas diferenzas de cambio xurdidos na cancelación dos saldos provindes de transaccións en moeda estranxeira recoñécense na conta de resultados no exercicio no que xurdan.

e) Impostos sobre beneficios:

O gasto por Imposto sobre sociedades do exercicio calcúlase en función do resultado económico antes de impostos, corrixido polas diferenzas de natureza permanente cos criterios fiscais e tendo en conta as bonificacións e deducións aplicables.

Os créditos fiscais por perdas compensables recoñécense como menor gasto de impostos no exercicio no que ten lugar a compensación.

A Fundación obtivo a exención á tributación polo Imposto sobre Sociedades (ver nota 10).

f) Ingresos e gastos:

Os ingresos e gastos impútanse seguindo o criterio do devindicar, é dicir, en función da corrente real de bens e servizos que representan e con independencia do momento no que se produce a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

Os ingresos recoñécense cando o resultado da transacción poida estimarse con fiabilidade, considerando para elo a porcentaxe de realización do servizo na data de peche.

Cando o resultado dunha transacción non poida ser estimado de forma fiable, recoñeceranse ingresos unicamente na contía na que os gastos recoñecidos considérense recuperables.

g) Provisións e continxencias:

As responsabilidades probables ou certas de calquera natureza, con orixe en litixios en curso, reclamacións, avais, garantías, indemnizacións e obrigas pendentes de contía indeterminada, provisiónanse contra os resultados do exercicio, de acordo cunha estimación razoable da súa contía.

h) Elementos patrimoniais de natureza ambiental:

A actividade da Fundación, pola súa natureza non ten un impacto medioambiental significativo.

i) Subvencións, doazóns e legados:

A totalidade das subvencións, doazóns e legados recibidos pola entidade teñen carácter de non reintegrables e son outorgadas polos propios fundadores, mais por ser entidade pertencente ó sector público que recibe subvencións, doazóns ou legados da entidade pública dominante para financiar a realización de actividades de interese público ou xeral, considérase que os mesmos actúan como terceiros, rexistrándose directamente, como ingresos no patrimonio neto e recoñecéndose na conta de resultados como ingresos sobre unha base sistemática e racional de forma correlacionada cos gastos derivados das mesmas.

O Real Decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo do plan de actuación das entidades sen fins lucrativos, precisa que as subvencións, doazóns e legados recibidos contabilizaranse directamente ao patrimonio neto da entidade para a súa posterior reclasificación a excedente do exercicio como ingresos, sobre unha base sistemática e racional.

Dita imputación das mesmas aos resultados da entidade, efectuarase atendendo a súa finalidade e de forma correlacionada cos gastos que financien, existindo así unha relación de equilibrio entre os gastos realizados e os recursos necesarios para o seu financiamento. Segundo a mesma, distinguimos as subvencións, doazóns e legados:

- Destinadas a financiar os gastos incorridos na realización das actividades propias e proxectos específicos da Fundación, así coma os gastos correntes da mesma, que se

imputan como ingresos no exercicio en que se devindiquen ditos gastos.

- Destinadas a investimentos en activos de inmovilizado material ou intanxible, que se imputan a resultados seguindo o método lineal, durante un período de tempo equivalente á vida útil dos elementos do inmovilizado financiados.

j) Transaccións entre partes vinculadas:

As operacións entre partes vinculadas, con independencia do grao de vinculación, contabilízanse de acordo coas normas xerais. Os elementos obxecto das transaccións que se realicen contabilizaranse no momento inicial polo seu valor razoable. A valoración posterior realízase de acordo co previsto nas normas particulares para as contas que corresponda.

5. INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS.

5.1. O movemento de cada unha destas partidas, durante o exercicio actual, e durante o exercicio anterior, foi o seguinte:

Exercicio 2021	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo final
Inmovilizado material	67.514,68	0,00	0,00	67.514,68
Inmovilizado intanxible	8.948,75	0,00	0,00	8.948,75
TOTAIS	76.463,43	0,00	0,00	76.463,43

Exercicio 2020	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo final
Inmovilizado material	63.558,38	3.956,30	0,00	67.514,68
Inmovilizado intanxible	5.394,98	3.553,77	0,00	8.948,75
TOTAIS	68.953,36	7.510,07	0,00	76.463,43

Amortizacións:

Exercicio 2021	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo final
Inmobilizado material	62.636,71	2.064,64	0,00	64.701,35
Inmobilizado intanxible	6.391,49	1.172,74	0,00	7.564,23
TOTAIS	69.028,20	3.237,38	0,00	72.265,58
Exercicio 2020	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo final
Inmobilizado material	60.788,62	1.848,09	0,00	62.636,71
Inmobilizado intanxible	5.394,98	996,51	0,00	6.391,49
TOTAIS	66.183,60	2.844,60	0,00	69.028,20

5.2. Arrendamentos financeiros e outras operacións de natureza similar sobre activos non correntes:

A Fundación no mes de novembro de 2006, formaliza un contrato de arrendamento polo local onde ten sitas as oficinas da mesma, cunha duración de catro anos prorrogable ata un máximo de dous anos máis. Dende esa data o contrato atópase en tácita recondución.

A cualificación do mesmo é de operativo por tratarse dun acordo mediante o que o arrendador convén co arrendatario o dereito o uso do activo durante un período de tempo determinado, a cambio de percibir unha serie de pagos ou cotas, sen que se trate dun arrendamento de carácter financeiro.

El 4 de abril de 2019 asínase unha addenda ao contrato de arrendamento coa entidade Inversiones Inmobiliarias Canvives, S.A.U., nova propietaria do inmovible por un embargo bancario sobre o anterior propietario, con vigor dende o 1 de febreiro de 2019. Na sinatura da addenda a Fundación incrementa a contía da fianza establecida para cubrir dúas mensualidades de arrendamento, segundo se establece legalmente, quedando esta en 4.000,00 euros.

Estímase que os importes satisfeitos en concepto de aluguer nos vindeiros anos será similar ó importe que se ven satisfacendo nos últimos exercicios.

Detalles arrendamento	Local oficinas
Arrendador	Inversiones Inmobiliarias Canvives, S.A.U.
Custo ben en orixe	Non aplica
Duración do contrato	Prorrogable anualmente
Anos transcorridos	15
Cotas satisfeitas:	
- No exercicio (*)	29.040,00 €
- Nos próximos 5 anos	145.200 €
Importe cotas pendentes	0,00
Valor opción compra	Non aplica

(*) Inclúese o importe correspondente ó IVE das cotas de arrendamento.

6. BENS DO PATRIMONIO HISTÓRICO

A entidade non posúe bens integrantes do Patrimonio Histórico.

7. ACTIVOS FINANCEIROS

O valor en libros de cada unha das categorías de activos financeiros reflíctese nos seguintes cadros:

Clases	Instrumentos financeiros a longo prazo						Total	
	Instrumentos de patrimonio		Valores repr. de débeda		Créditos. Derivados. Outros			
	2021	2020	2021	2020	2021	2020	2021	2020
Categorías								
Activos a valor razoable con cambios en conta de resultados	-	-	-	-	-	-	-	-
Investimentos mantidos ata venc.	-	-	-	-	-	-	-	-
Préstamos e partidas a cobrar	-	-	-	-	4.000,00	4.000,00	4.000,00	4.000,00
Derivados de cobertura	-	-	-	-	-	-	-	-
TOTAL	-	-	-	-	4.000,00	4.000,00	4.000,00	4.000,00

O activo financeiro a longo prazo recolle o importe correspondente a fianza derivada do contrato de aluguer do local destinado ás oficinas da Fundación.

Investimentos financeiros l/p	Saldo inicial	Aumentos	Diminuicións	Saldo final
Finanzas a l/p	4.000,00	0,00	0,00	4.000,00
TOTAIS	4.000,00	0,00	0,00	4.000,00

Clases	Instrumentos financeiros a curto prazo						Total	
	Instrumentos de patrimonio		Valores repr. de débeda		Créditos. Derivados. Outros			
	2021	2020	2021	2020	2021	2020	2021	2020
Categorías								
Activos a valor razoable con cambios en resultados	-	-	-	-	-	-	-	-
Investimentos ata venc.	-	-	-	-	-	-	-	-
Préstamos e p. a cobrar (*)	-	-	-	-	13.482,68	19.418,79	13.482,68	19.418,79
Derivados de cobertura	-	-	-	-	-	-	-	-
TOTAL	-	-	-	-	13.482,68	19.418,79	13.482,68	19.418,79

(*) Non se inclúen Administracións Públicas, corresponde a debedores da actividade propia (Efectivo e outros activos equivalentes non se inclúen no cadro)

A Fundación dótese dun “Código de Conduta para a realización de inversións temporais no ámbito do mercado de valores”, de acordo a normativa establecida pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

O código de conduta, estase aplicando sen ningunha incidencia, o 100%, e no existen operacións financeiras que se afasten do mesmo.

O detalle da tesourería é o seguinte:

- Saldos bancarios: 1.406.122,40 euros.

USUARIOS E OUTROS DEBEDORES DA ACTIVIDADE PROPIA

	Saldo inicial	Aumentos	Diminucións	Saldo final
Usuarios entidades do grupo, multigrupo ou asociadas	-	-	-	-
Outros usuarios	-	-	-	-
Patrocinadores entidades do grupo, multigrupo ou asociadas	-	-	-	-
Outros patrocinadores	-	-	-	-
Afiliados entidades do grupo, multigrupo ou asociadas	-	-	-	-
Outros afiliados	-	-	-	-
Outros debedores entidades do grupo, multigrupo ou asociadas	-	-	-	-
Outros debedores (*)	19.418,79	33.203,93	39.140,04	13.482,68
TOTAL	19.418,79	33.203,93	39.140,04	13.482,68

(*) O saldo pendente de cobro correspóndese, principalmente, con clientes por venta de pezas de artesanía e por actividades promocionais.

8. PASIVOS FINANCEIROS

O valor en libros de cada unha das categorías de pasivos financeiros reflíctese no seguinte cadro:

Clases	Instrumentos financeiros a curto prazo						Total	
	Débedas con entidades de crédito		Obrigas e outros valores negociables		Derivados. Outros			
Categorías	2021	2020	2021	2020	2021	2020	2021	2020
Débitos e partidas a pagar (*)	-	-	-	-	19.275,96	34.678,45	19.275,96	34.678,45
Pasivos a valor razoable con cambios en conta de resultados	-	-	-	-	-	-	-	-
Outros	-	-	-	-	-	-	-	-
TOTAL	-	-	-	-	19.275,96	34.678,45	19.275,96	34.678,45

(*) Non inclúe débedas con Administracións Públicas, correspóndese con acredores da actividade propia.

A entidade non ten rexistrados pasivos financeiros a longo prazo.

O importe dos créditos e débedas que venzan en cada un dos cinco anos seguintes ao peche do exercicio e do resto ata o derradeiro vencemento é o seguinte:

	Vencemento en anos						Total
	1	2	3	4	5	Máis de 5	
Fianzas a l/p	-	-	-	-	-	4.000,00	4.000,00
Debedores comerciais e outras contas a cobrar	18.761,93	-	-	-	-	-	18.761,93
Acredores comerciais e outras contas a pagar	46.781,56	-	-	-	-	-	46.781,56

Non se inclúen administracións públicas (ver apartado 10 da memoria).

BENEFICIARIOS ACREDORES

	Saldo inicial	Aumentos	Diminuicións	Saldo final
Beneficiarios entidades do grupo, multigrupo ou asociadas	-	-	-	-
Outros beneficiarios	-	-	-	-
Outros acredores entidades do grupo, multigrupo ou asociadas	-	-	-	-
Outros acredores	34.678,45	403.187,97	418.590,46	19.275,96
TOTAL	34.678,45	403.187,97	418.590,46	19.275,96

9. FONDOS PROPIOS

O seu movemento durante o exercicio 2021 foi o seguinte:

	Dotación Fundacional	Remanente	Excedente do exercicio	Total Fondos Propios
Saldo a 01/01/2020	60.000,00	125.772,90	-26.802,04	158.970,86
Aplicación do excedente do exercicio	0,00	-26.802,04	26.802,04	0,00
Excedente do exercicio	0,00	0,00	947,53	947,53
Saldo a 31/12/2020	60.000,00	98.970,86	947,53	159.918,39
Saldo a 01/01/2021	60.000,00	98.970,86	947,53	159.918,39
Aplicación do excedente do exercicio	0,00	947,53	-947,53	0,00
Excedente do exercicio	0,00	0,00	89,29	89,29
Saldo a 31/12/2021	60.000,00	99.918,39	89,29	160.007,68

A dotación fundacional foi aportada na súa totalidade pola Xunta de Galicia no momento da constitución da Fundación.

10. SITUACIÓN FISCAL**10.1. Imposto sobre beneficios e outros aspectos fiscais**

O detalle dos saldos debedores e acredores mantidos con Administracións Públicas a 31 de decembro de 2020 e do 2021 móstrase a continuación:

	2021	2020
Facenda Pública debedora		
Facenda publica debedora por IVE	3.362,79	3.407,89
Subvencións concedidas	0,00	0,00
Saldo Convenio Xunta - Seguridade Social	1.916,46	0,00
Total	5.279,25	3.407,89

	2021	2020
Facenda pública acreedora		
Facenda Pública acreedora por IVE	0,00	0,00
Por Retencións (IRPF - Alquileres)	18.697,98	14.999,60
Organismos da Seguridade Social acreedora	6.725,00	6.606,79
Saldo Convenio Xunta - Seguridade Social	2.082,62	7.303,37
Total	27.505,56	28.909,76

A Fundación está sometida ao Réxime de entidades e institucións sen ánimo de lucro regulado na Lei 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado. De acordo con dito réxime, están exentas no Imposto sobre Sociedades as rendas derivadas de donativos e doazóns, dotación patrimonial, convenios de colaboración e contratos de patrocinio publicitario, cotas de asociados así como as

subvencións que financien actividades exentas. Polo contrario, non están exentos os rendementos derivados de explotacións económicas non exentas, que tributan ao tipo do 10%.

A Fundación solicitou e obtivo a inscrición no Rexistro Oficial de Fundacións de Interese Galego. A Fundación comunicou con data 27 de outubro de 2004 á Delegación de A Coruña da AEAT a opción pola aplicación do réxime fiscal especial previsto na Lei 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado.

A totalidade das rendas recibidas pola Fundación durante o exercicio 2021 e 2020 están exentas polo que a base impoñible do imposto é cero.

A totalidade dos ingresos e gastos considéranse diferenzas permanentes negativas e positivas.

11. INGRESOS E GASTOS

A Fundación é unha entidade sen ánimo de lucro que desenvolve fins de interese galego, e como tal ten que cumprir que as cantidades que excepcionalmente poida percibir do conxunto dos seus beneficiarios non poderán exceder do custo real do servizo ou prestación, sen marxe comercial de clase algunha.

Ademais das subvencións imputadas ao exercicio figuran como ingresos da actividade propia da Fundación as cotas dos usuarios, cantidades percibidas polos mesmos en concepto de participación no custo de ditas actividades propias.

Os premios Artesanía de Galicia 2019 foron entregados o ano 2020 e con cargo ao orzamento de 2020.

No ano 2021 o detalle da partida de "Axudas Monetarias" foi o seguinte:

Axudas Monetarias Individuais	2021	2020
Premio Bolsa Eloy Gesto 2019 - Minia Banet Fraga	0,00	4.000,00
Premio Artesanía de Galicia 2019 - Frank Buschmann	0,00	9.000,00
Premio Bolsa Eloy Gesto 2020 - Loaira Pérez Pérez	0,00	4.000,00
Premio Artesanía de Galicia 2020 - Antonio Sanjurjo Yáñez	0,00	9.000,00
Premio desfile DEBUT21 - Elizabet María Cereiño Martín	1.700,00	0,00
Premio Bolsa Eloy Gesto 2021 - Julia de la Cal	4.000,00	0,00
Premio Artesanía de Galicia 2021 - Idoia Cuesta	9.000,00	0,00
TOTAL	14.700,00	26.000,00

Detalle da partida 7 da conta de resultados "Gastos de persoal":

	2021	2020
Soldos e salarios	209.479,73	210.767,45
S.S. a cargo da empresa	66.878,29	67.021,22
TOTAL	276.358,02	277.788,67

No ano 2021 non se concede ningunha subvención pola contratación de persoal.

O persoal da Fundación a 31 de Decembro de 2021 constaba de sete traballadores, 6 mulleres e 1 home, contratados en calidade de: Xerente, en calidade de persoal de alta dirección, tres Técnicos Superiores, un Técnico Medio e

dous Auxiliares Administrativos en calidade de laborais fixos.

Detalle da partida 8 da conta de resultados "Outros gastos da actividade".

	2021	2020
Arrendamentos e canons	38.397,00	34.897,15
Servizos de profesionais independentes	255.313,92	240.504,25
<i>Profesionais formación (docencia e demostración oficios) ⁽¹⁾</i>	95.267,83	45.608,64
<i>Proxecto Artesanía na escola ⁽²⁾</i>	18.150,00	0,00
<i>Profesionais Pop up Saberes e Sabores</i>	0,00	2.178,00
<i>Profesionais Feiras internacionais (Formex/Tent)</i>	0,00	19.481,41
<i>Profesionais edición revista Obradoiro de Artesanía ⁽³⁾</i>	7.491,18	19.587,15
<i>Profesionais Eventos autonómicos ⁽⁴⁾</i>	68.084,28	13.898,62
<i>Profesionais Premios Artesanía de Galicia ⁽⁵⁾</i>	2.057,00	3.932,50
<i>Profesionais Artesanía no prato / Artesanía Innovadora ⁽⁶⁾</i>	24.551,86	11.070,00
<i>Reportaxes fotográficos obradoiros / prensa ⁽⁷⁾</i>	16.799,65	40.401,90
<i>Web Artesanía de Galicia/ Mantemento ⁽⁸⁾</i>	283,24	34.625,84
<i>Outros profesionais (gasto corrente e capital) ⁽⁹⁾</i>	22.628,88	49.720,19
Transportes	4.441,82	5.095,92
Primas de Seguros	1.805,91	1.205,05
Servizos bancarios e similares	9,15	13,59
Publicidade, propaganda e relacións públicas	18.248,05	19.352,01
<i>Participación feiras</i>	562,35	8.850,00
<i>Publicidade xenérico (gasto corrente e capital)</i>	17.685,70	10.502,01

Subministro	1.396,19	1.625,13
Outros Gastos	90.600,72	98.663,01
<i>Gastos dietas</i>	<i>3.318,74</i>	<i>2.224,29</i>
<i>Gastos limpeza</i>	<i>5.887,87</i>	<i>3.382,98</i>
<i>Gastos teléfono</i>	<i>798,12</i>	<i>1.055,74</i>
<i>Gasto material oficina</i>	<i>157,76</i>	<i>523,24</i>
<i>Gasto pezas artesanía</i>	<i>48.680,65</i>	<i>59.714,89</i>
<i>Gastos material marca Artesanía de Galicia</i>	<i>717,61</i>	<i>10.317,07</i>
<i>Gastos varios eventos autonómicos</i> (11)	<i>22.239,96</i>	<i>0,00</i>
<i>Gastos xenéricos (gasto corrente e capital)</i> (12)	<i>8.800,01</i>	<i>21.444,80</i>
TOTAL	410.212,76	401.356,11

(1) Profesionais formación (docencia e demostración oficios):

- Programa de formación ACHEGA DIXITAL
- Obradoiros abertos ao público en xeral en diferentes eventos autonómicos (Días Europeos da Artesanía, Artesanía de Galicia en Muros, Artesanía de Galicia na Ribeira Sacra, etc)

(2) Proxecto Artesanía na escola

- Imaxe do proxecto, deseño e maquetación de guías dos oficios, deseño material promocional e gráfico e impresión do material

(3) Profesionais edición revista Obradoiro de Artesanía

- Preparación e realización dos envíos

(4) Profesionais eventos autonómicos

- Montaxe exposición Lado, unha saga de ourives composteláns

- Elaboración do deseño gráfico para o museo de Niñodagua
- Traballos conservación stands para feiras
- Decoración e mobiliario das feiras
- Servizos accesorios nas feiras (fotografía, vixilancia, etc)
- Encontro de Torneiros, Xermade
- Xornadas de Construcción Naval
- Mostrart

(5) Profesionais Premios Artesanía de Galicia

- Presentación Premios
- Elaboración vídeo presentación

(6) Profesionais II Xornadas Profesionais Artesanía no Prato

- Organización showcookings
- Servizo fotógrafos
- Persoal de apoio
- Atrezo
- Equipo de son e DJ

(7) Reportaxe fotográfico / prensa

- Elaboración fotografías obradoiros rexistrados para páxina web
- Elaboración fotografías para reportaxes

(8) Web Artesanía de Galicia / Mantemento

- Tradución textos inglés

(9) Outros profesionais

- Mantemento informático
- Asesoramento fiscal e contable
- Mantemento programa contabilidade
- Mantemento fotocopiadora
- Servizo prevención riscos laborais
- Servizo auditoría contas anuais
- Asesoría xurídica Xunta de Galicia
- Mantemento protección de datos

(11) Gastos varios eventos autonómicos

- Adquisición material sanitario
- Bolsas de algodón
- Material a utilizar en obradoiros
- Colaboracións na organización

(12) Gastos xenéricos

- Licencias programa contabilidade
- Material informático
- Material embalaxe

Ingresos da actividade propia

Os ingresos por cotas de usuarios dos exercicios 2020 e 2021 foron:

	2021	2020
Cotas de usuarios (*)	29.620,47	30.764,55
TOTAL	29.620,47	30.764,55

(*) Correspóndese con cotas cobradas a usuarios por asistencia a cursos de formación e venda de pezas de artesanía.

12. SUBVENCIONES, DOAZÓNS E LEGADOS

A Fundación recibiu da Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, subvencións nominativas non reintegrables, en concepto de axudas para o apoio á artesanía, por importe de 659.037,83 euros con cargo os orzamentos da Xunta de Galicia para o 2020. Son transferencias sen contraprestación recibidas da entidade dominante para financiar actividades específicas de interese público ou xeneral.

Saldo a 31 de decembro de 2019	1.249.487,41
<i>Ingreso por subvención C.VII</i>	<i>336.000,00</i>
<i>Imputación a resultados subv. recibidas 2020</i>	<i>-353.927,57</i>
<i>Imputación a resultados subv. recibidas 2019</i>	<i>-364,00</i>
<i>Imputación a resultados subv. recibidas 2018</i>	<i>-642,53</i>
<i>Imputación a resultados subv. recibidas 2017</i>	<i>-181,25</i>
<i>Imputación a resultados subv. recibidas 2016</i>	<i>-19,18</i>
<i>Ingresos por subvencions C. IV</i>	<i>323.037,83</i>
<i>Imputación a resultados</i>	<i>-323.037,83</i>
<i>Axuste saldo</i>	<i>-439,00</i>
Saldo a 31 de decembro de 2020	1.229.913,91
<i>Ingreso por subvención C.VII</i>	<i>336.000,00</i>
<i>Imputación a resultados subv. recibidas 2021</i>	<i>-336.000,00</i>
<i>Imputación a resultados subv. recibidas 2020</i>	<i>-2.161,81</i>
<i>Imputación a resultados subv. recibidas 2019</i>	<i>-364,00</i>
<i>Imputación a resultados subv. recibidas 2018</i>	<i>-642,53</i>
<i>Imputación a resultados subv. recibidas 2017</i>	<i>-69,04</i>
<i>Ingresos por subvencions C. IV</i>	<i>337.753,00</i>
<i>Imputación a resultados</i>	<i>-335.739,60</i>
Saldo a 31 de decembro de 2020	1.228.689,93

Distinguimos, segundo a súa finalidade:

- Subvencións de capital por importe de 336.000,00 euros, dos cales foron recoñecidos como ingresos do exercicio un importe de 336.000,00 euros destinados a actividades de formación, promoción, divulgación e proxectos.
- Subvencións correntes por importe de 337.753,00 euros destinadas a sufragar os gastos de persoal e outros gastos correntes da Fundación. Traspásase a resultados pola parte executada, un importe de 335.739,00 euros, figurando no patrimonio neto o importe pendente de aplicación das subvencións recibidas nos exercicios anteriores.

A totalidade das subvencións son de carácter non reintegrable, afectas á actividade propia da entidade e outorgadas pola Administración autonómica.

No exercicio 2020 e 2021 non hai subvencións pola contratación de persoal.

13. ACTIVIDADE DA ENTIDADE. APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A FINS PROPIOS. GASTOS DE ADMINISTRACIÓN

13.1. Actividade da entidade

A situación de alarma sanitaria motivada polo COVID-19 obrigou a pospoñer e cancelar algunhas das actividades programadas para o ano 2021. Asemade dende a Fundación leváronse a cabo diferentes accións motivadas pola inusual situación.

I. Actividades realizadas

ACTIVIDADE 1

A) Identificación.

Denominación da actividade: Artesanía = Empresa

Tipo de actividade:

1a. Aposta pola comercialización no eido local, nacional e internacional e o seu posicionamento no mercado actual.

1b. Reformulación dos sistemas tradicionais de comercialización e estudo sobre as posibilidades que ofrecen novas formas como a asistencia a feiras especializadas, a introdución do produto artesanía en accións de promoción de Galicia en colaboración con outras institucións, o pulo á realización de showrooms e pop up, a realización de feiras ou mostras de artesanía nas que se combine a promoción e a posta en valor dos oficios artesanais e a venda de produtos artesanais de alta calidade con outros elementos culturais (música, folclore, exposicións, talleres, gastronomía, etc)

Lugar de desenvolvemento da actividade: Galicia

Descrición detallada da actividade realizada.**Colaboración, asesoramento, divulgación e participación en diferentes eventos de interese artesanal**

- Colaboración coa Exposición de fotografía **Palilleiras, presente e futuro**, Camariñas, 31 marzo-31 outubro.
- Por noveno ano consecutivo, a Fundación encargouse da coordinación en Galicia dos **Días Europeos da Artesanía** (6-11 de abril), un evento internacional enfocado á divulgación dos oficios artesanais, que en España está promovida pola Escuela de Organización Industrial (EOI) e pola súa cátedra de promoción da artesanía, Fundesarte. Galicia foi a terceira comunidade autónoma con maior número de actividades programadas, un total de 28.

Así mesmo, a Fundación patrocinou diferentes actividades en Ponteceso, Mondoñedo e Santiago de Compostela:

- Colaboración **“Escaparates viventes”**, no Mercado Galego da Creatividade, Santiago de Compostela, 6-11 abril.
- **Colaboración en Obradoiros** do Barrio do Muíños, Mondoñedo, 9-11 abril
- Colaboración con tres obradoiros abertos para familias (cianotipias, estampaxe manual e papel marmolado), na **Fundación Eduardo Pondal**, Ponteceso, 9-11 abril, impartidos polos artesáns María José Martínez e José Antonio Carrera.
- Participación de Artesanía de Galicia no proxecto de **Turismo de Galicia** para o **Stand de Galicia** en **Fitur 2021**, en IFEMA, Madrid, 19-23 de maio. Artesanía de Galicia colaborou con diferentes montaxes expositivas con produto artesán e coa participación do obradoiro artesán EFerro. Proxecto financiado por Turismo de Galicia.
- Colaboración con Turismo de Galicia na organización de **Tryps turísticos** para medios nacionais e internacionais para visitar e coñecer diferentes oficios artesanais de Galicia.
- Colaboración coa exposición do ourive compostelán Xulio Lado **Lado, unha saga de ourives composteláns** (Premio Traxectoria de Artesanía de Galicia no ano 2016). organizada polo Consorcio de Santiago na casa do Cabido, 1 xuño-15 setembro.
- Colaboración no **Mercado da Serea**, organizado polo Concello de Boiro no Pazo de Goiáns, Boiro, 26 de xuño. Organización de tres obradoiros abertos impartidos por artesáns para a divulgación dos oficios.

- A Fundación colabora de intermediaria en distintos proxectos de impulso á comercialización da Artesanía de Galicia con tendas físicas, editoras de deseño e importantes marcas comerciais (off/online)
- Organización do **Summer Shop Artesanía de Galicia & D-due**, Sanxenxo, 1 de xullo ao 6 de setembro. Tenda+pop-up que contou con pezas de 36 obradoiros artesáns como escaparate para impulsar a comercialización do produto local e visibilizar dous sectores estratéxicos como son o téxtil e a artesanía.
- Colaboración na feira **Sabor a Artesanía**, organizada por Correveydile no Pazo San Lorenzo, Santiago de Compostela, 3-4 xullo. Organización de obradoiros abertos impartidos por artesáns para a divulgación dos oficios.
- Colaboración na feira **Argálica**, organizada por Afiga en Cangas do Morrazo, 5-25 xullo. Organización de obradoiros abertos impartidos por artesáns para a divulgación dos oficios.
- Colaboración coa 37 edición da feira de artesanía **Mostrart**, organizada por AGA e celebrada na Coruña durante todo o mes de agosto, como apoio aos 54 obradoiros da marca Artesanía de Galicia participantes. Esta feira está considerada un referente cultural do verán galego e constitúe unha oportunidade para exhibir a creatividade e o valor artístico da marca Artesanía de Galicia, así como plataforma de lanzamento para os novos profesionais.
- Colaboración en **Festiletras** organizada pola Fundación Eduardo Pondal en O Couto, Ponteceso, 1-5 setembro. Organización de obradoiros abertos impartidos por artesáns para a divulgación dos oficios.
- Colaboración na **54ª Edición do Concurso Rexional de Gaitas do País**, organizada polo Concello de Pontearreas, 18

setembro. Aportación de dous instrumentos musicais de obradoiros artesáns.

- Colaboración na **XI Xornadas de carpintería naval de madeira**, Freixo, Outes, 23 outubro.
- Colaboración con **Woman Emprende, III Feira de Emprendedoras de Compostela**, en Santiago de Compostela, 25-30 outubro. Colaboración con material promocional da marca Artesanía de Galicia.
- Participación en **Craft Innova. III Encontro Internacional de Ocios Artísticos e Innovación** organizado en Valladolid, 30 outubro.
- Colaboración no desfile **DEBUT2021**, organizado por Esdemga, Pontevedra 15-18 novembro. Patrocinio do Premio a "Colección con maior valor artesanal" e o patrocinio de dous cursos co alumnado.
- Colaboración no **10ª Edición Mercado da Estrela** cun espacio propio na Obra Social Abanca, adicado a Artesanía de Galicia, Santiago de Compostela, 16-19 decembro. Participación de 28 obradoiros da Marca e organización dun obradoiro para familias.
- Colaboración co **Pop up Creativas Galegas nadal 21** coa realización dun pop up de venda, escaparates viventes e cursos de diferentes oficios, Santiago de Compostela, 3 de decembro- 15 de xaneiro

Promoción, difusión e protección da marca Artesanía de Galicia

- Organización de eventos de promoción da marca Artesanía de Galicia

Co obxectivo de impulsar a comercialización dos produtos da marca Artesanía de Galicia e a divulgación dos nosos oficios artesanais a fundación realizou diversos eventos. A

través destas iniciativas búscase respaldar ao sector artesán galego na súa adaptación a novos hábitos de consumo e a novas fórmulas de comercialización dos seus produtos. Consideramos importante celebrar eventos onde se realicen demostracións de oficios e obradoiros abertos a familias, xa que supoñen unha das vías máis efectivas para lle achegar a artesanía á sociedade, especialmente aos máis pequenos, e se contribúe a visibilizar a marca Artesanía de Galicia, os oficios artesanais e a fomentar o relevo xeracional.

- **Artesanía de Galicia en Muros**, Praza Abastos de Muros, 17-18 xullo. Participaron 17 obradoiros artesanais e celebráronse 2 obradoiros abertos a familias.

- **Artesanía de Galicia na Ribeira Sacra**, Santuario da Nosa Señora das Cadeiras, Sober, 21 de agosto. Participación 22 obradoiros artesanais e celebráronse 4 obradoiros abertos a familias.

- **Artesanía de Galicia en Compostela**, San Martín Pinarío, Santiago, 11-12 setembro. Participación 30 obradoiros artesanais e celebráronse 5 obradoiros abertos a familias e 2 demostracións de ourivería.

○ Programa Facemos Marca. Medrando cos Artesáns.

O obxectivo é favorecer o achegamento da artesanía a futuros profesionais do sector artesán galego, ademais de divulgar os oficios artesanais e a marca Artesanía de Galicia.

- Charla **Facendo Marca, Artesanía de Galicia na EASD Antonio Faílde** nas II Xornadas de arte e deseño. 29 abril, Ourense.

- Charla no **Proxecto Relevo 2020/Galp Ártabro**, 12 maio, Sada.

Asesoramento telefónico, mailing, redes sociais, atención personalizada sobre o Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, a marca Artesanía de Galicia, ordes de axudas vixentes e ofertas existentes. A situación excepcional do COVID-19 motivou un asesoramento telefónico moi individualizado relacionado con cuestións moi diferentes ás usuais.

Máis de 6.000 consultas (artesáns e artesás, asociacións, concellos e diferentes institucións)

Aposta pola difusión de Artesanía de Galicia como agasallo institucional

Co fin de achegarlle a artesanía ás institucións públicas e privadas, a Fundación continuou en 2021 coa xestión de produtos de Artesanía de Galicia, poñendo en contacto aos clientes cos artesáns, realizando un asesoramento personalizado para cada un deles, así como seleccións e propostas axeitadas aos requirimentos de cada cliente.

O ámbito do agasallo institucional e corporativo supón unha interesante oportunidade de desenvolvemento para un sector coma o artesán, cuxa heteroxeneidade e riqueza supoñen ao mesmo tempo unha vantaxe para as entidades que decidan apostar por este tipo de pezas. Esta iniciativa supón un paso máis no apoio á comercialización da artesanía galega e que contribuirá, sen dúbida, a converter Artesanía de Galicia nunha marca de prestixio e nun referente de calidade en calquera mercado.

Propostas presentadas e coordinadas pola Fundación: **45**

Propostas aceptadas: **30**

Produtos: máis de **1.200**

Oficios implicados: marroquinería, figuras de pan, madeira, xoiería, cerámica, olería e ilustración.

Apoio e aposta á internacionalización

Dende o ano 2009 a Fundación contribúe a introdución do produto artesán galego nos mercados internacionais a través da presenza do stand institucional da marca Artesanía de Galicia en diferentes feiras internacionais de recoñecido prestixio.

FORMEX é a maior feira de deseño nórdico de interiores e conta con dúas edicións anuais en xaneiro e en agosto. Este evento celébrase en Stockholmsmässan, un recinto con tres pavillóns dedicados á decoración de interiores, deseño nórdico e exteriores.

Formex é un lugar de encontro único para os 950 expositores e máis de 17.000 visitantes tanto de Suecia coma doutros países.

Esta feira está aberta a todos os profesionais relacionados coas áreas do téxtil para o fogar, mobles e obxectos decorativos en xeral.

A Fundación tiña previsto participar na edición de xaneiro 2021, que se ía celebrar entre o 19 e o 22 de xaneiro, que finalmente foi cancelada a causa da situación sanitaria derivada do COVID-19. No momento da cancelación dende a Fundación xa se tiña avanzado na selección de pezas e de obradoiros, así como nos preparativos da súa promoción,

polo que se aproveitou ese traballo previo para elaborar un CATÁLOGO PROFESIONAL 2021 que se lle enviou a todos os contactos de clientes, tanto potenciais como consolidados, e está a xestionar os primeiros pedidos.

Como en anos anteriores, a Fundación actúa como intermediaria na coordinación, organización e seguimento das vendas, da loxística e da expedición de todos o pedidos.

Obradoiros participantes: 42

Produtos referenciados no catálogo: 241

Puntos de venda internacionais: continuamos o contacto cos **52 puntos de venda** que tiñamos ata o de agora distribuídos en países como Suecia, Austria, Francia, Inglaterra, Italia, Alemaña, Dinamarca, Noruega ou Xapón.

Distribuidores: contamos con **6 distribuidores** dos produtos da marca Artesanía de Galicia noutros países (2 en Xapón, 1 en Alemaña, 1 en Austria, 1 en Dinamarca e 1 en Inglaterra).

Actualmente a fundación está a traballar na edición de Formex de xaneiro de 2022, que se celebrará do 18 ao 21 de xaneiro na que Artesanía de Galicia participará cun stand institucional.

Organización e colaboración en eventos para a recuperación de oficios en extinción.

O impulso á conservación dos oficios artesanais tradicionais forma parte da estratexia da Xunta de Galicia. A recuperación, o mantemento e a divulgación de profesións ancestrais constitúe unha ferramenta de dinamización social

e de divulgación da nosa cultura, ademais de establecer referentes para os novos profesionais que se achegan ao sector artesanal galego.

o **VII Encontro de Cacharreiros en Niñodagua**, 13 e 14 de agosto. Divulgación e recoñecemento da olería tradicional galega.

o **XXI Encontro Internacional de Torneiros da Madeira en Xermade**, do 17 ao 19 de setembro. A divulgación do oficio da tornaría de madeira e o eixe principal deste evento que converte esta localidade lucense nun espazo de formación e exhibición de referencia internacional do sector

B) Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número		Nº de horas / ano	
	Previsto	Realizado	Previsto	Realizado
Persoal asalariado	7	7		
Persoal con contrato de servizos				
Persoal voluntario				

C) Recursos económicos empregados na actividade.

Gastos / Inversións	Importe	
	Previsto	Realizado
Gastos por axudas e outros		
a) Axudas monetarias		
b) Axudas non monetarias		
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno		
Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación		
Aprovisionamentos		

Gastos de persoal		
Outros gastos de explotación	157.000,00	182.574,34
Amortización do inmovilizado		
Deterioración e resultado por alleamento de inmovilizado		
Gastos financeiros		
Variacións de valor razoable en instrumentos financeiros		
Diferenzas de cambio		
Deterioración e resultado por alleamentos de instrumentos financeiros		
Impostos sobre beneficios		
Subtotal gastos	157.000,00	182.574,34
Investimentos (agás bens patrimonio histórico)		
Adquisicións bens patrimonio histórico		
Cancelación débeda non comercial		
Subtotal recursos	0,00	0,00
TOTAL	157.000,00	182.574,34

ACTIVIDADE 2

A) Identificación.

Denominación da actividade: Profesionalización, fortalecemento do tecido produtivo artesán e maior visibilidade do sector

Tipo de actividade:

2a. Formación especializada e mellora continua do sector.

2b. Aposta por unha maior visibilidade do produto feito a man.

Lugar de desenvolvemento da actividade: Galicia, internacional

Descrición detallada da actividade realizada.

Programa de formación ACHEGA DIXITAL 2021

No ano 2020, motivado pola nova situación xerada pola situación sanitaria, a Fundación introduce o programa de formación Achega Dixital, centrado na mellora da presenza dixital dos obradoiros que forman parte da marca Artesanía de Galicia.

As iniciativas formativas centráronse en impulsar as ferramentas de márketing, de venda e de comunicación co cliente, na mellora da xestión empresarial dos obradoiros, así como na presenza en redes sociais, na publicidade e en calquera tipo de acción que contribuíse a incrementar a presenza dixital destas empresas e a afianzar a súa imaxe de marca online.

A maior parte dos cursos de formación programados para o primeiro cuadrimestre de 2021 repetíronse no segundo debido á alta demanda de solicitudes de participación.

o **Venda online nas distintas canles: web propia, marketplaces e vendas nas redes sociais** impartido por JavierRocamora. Realizáronse dúas edicións.

o **Como crear un vídeo tutorial de elaboración de produto**, impartido por Manuel Silva. Realizáronse dúas edicións.

o **Uso profesional das redes sociais, con especial incidencia en Facebook e Instagram**, impartido por Javier Rocamora. Realizáronse dúas edicións.

- o **Publicidade online en Google e Facebook: creación e interpretación de resultados de campañas publicitarias**, impartido por JavierRocamora. Realizáronse dúas edicións.
- o **Xestión operativa, comercial e financeira das empresas artesanais**, impartido por Implicatum.
- o **A maxia de contactar co cliente** impartido por Escola Inventa. Realizáronse dúas edicións.
- o **Formación estratéxica para a “Nova Artesanía”** impartido por Xenia Viladás e Marta Ruíz de León.
- o **Fotografía de produto con móbil** impartido por Dos Espacios Internet Consulting.

Cursos de formación especializada dirixida a profesionais do sector e a novos emprendedores: 13

Docentes profesionais: 7

Solicitudes recibidas: 454

Alumnos aceptados: 244

Divulgación de todos os programas formativos, webinars e videoconferencias en materia de profesionalización e competitividade postos en marcha dende a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e dende outros departamentos da Xunta de Galicia e institucións de ámbito estatal (EOI, Fundesarte...)

Colaboración, promoción e divulgación das diferentes axudas publicadas pola dirección Xeral de Comercio e Consumo e pola Xunta de Galicia no ano 2021 de interese para o sector artesan.

Exposición itinerante ENREDADAS

Proxecto de Boas Prácticas da Xunta de Galicia, iniciado no 2012 co colectivo das redeiras artesás galegas.

Nova colaboración a través dun convenio bianual (2019-2020) entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e a Consellería do Mar.

Programa organizado e coordinado pola Fundación

Obxectivos xerais:

o Posta en valor do traballo das redeiras galegas, o seu oficio e apoio á diversificación da súa actividade profesional que permita melloras económicas ao colectivo e o desenvolvemento sustentable de zonas de pesca.

o Incorporar novos colectivos de redeiras a estas actividades e ampliar a formación daquelas que xa forman parte do proxecto.

o Fomentar a colaboración intersectorial en novas liñas de actuación (deseñadores de produto, moda, decoración, hostalaría e outros) que abre as portas ás redeiras a un mercado contemporáneo que complementa e diversifica a súa labor tradicional

o Creación de novas liñas de produtos de complementos, bixutería e decoración de carácter artesanal e capacitación para a colaboración con outras disciplinas.

o Introducción e experimentación con novos materiais e mellora das técnicas e da calidade dos produtos elaborados.

o Aposta pola sustentabilidade e a economía circular.

o Apoio á comercialización e promoción do proxecto ENREDADAS.

“ENREDADAS” é unha mostra itinerante que inicia a súa andaina no Muíño das Mareas do Pozo de Cachón, Muros, do 18 xuño ao 18 xullo.

Artesanía de Galicia no Courel.

Evento organizado coa colaboración do Concello de Folgoso do Courel e da Fundación Uxío Novoneyra, para impulsar a divulgación e posta en valor dos nosos oficios artesanais, dar visibilidade á marca Artesanía de Galicia e fomentar o relevo xeracional no sector.

Durante dez días os visitantes puideron coñecer de preto a esencia de Galicia a través dun amplo programa de obradoiros de artesanía que se impartiron na sede da Fundación Uxío Novoneyra, no Centro Sociocultural Fondo de Vila e nas antigas escolas unitarias de Parada e de Froxán.

Foron un total de 16 os obradoiros que se levaron a cabo e estaban destinados a iniciarse en diferentes oficios como son a ourivería, a ilustración, o gravado, o manipulado de papel, a cestería, o bordado, a madeira, a olería, a creación de cianotipias ou a estampaxe.

B) Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número		Nº de horas / ano	
	Previsto	Realizado	Previsto	Realizado
Persoal asalariado	7	7		
Persoal con contrato de servizos				
Persoal voluntario				

C) Recursos económicos empregados na actividade.

Gastos / Investimentos	Importe	
	Previsto	Realizado
Gastos por axudas e outros		
a) Axudas monetarias		
b) Axudas non monetarias		
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno		
Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación		
Aprovisionamentos		
Gastos de persoal		
Outros gastos de explotación	60.000,00	80.219,95
Amortización do inmovilizado		
Deterioración e resultado por alleamento de inmovilizado		
Gastos financeiros		
Variacións de valor razoable en instrumentos financeiros		
Diferenzas de cambio		
Deterioración e resultado por alleamentos de instrumentos financeiros		
Impostos sobre beneficios		
Subtotal gastos	60.000,00	80.219,95
Investimentos (agás bens patrimonio histórico)		
Adquisicións bens patrimonio histórico		
Cancelación débeda non comercial		
Subtotal recursos	0,00	0,00
TOTAL	60.000,00	80.219,95

ACTIVIDADE 3

A) Identificación.

Denominación da actividade: Divulgación

Tipo de actividade:

3a. Accións de promoción e publicidade da actualidade e realidade da artesanía de Galicia.

Lugar de desenvolvemento da actividade: Galicia

Descrición detallada da actividade realizada.**Premios Artesanía de Galicia 2021**

O 5 de abril publicáronse as bases dos premios do ano 2021. O obxectivo desta iniciativa é recoñecer a mellora continua no labor dos profesionais do sector artesán galego e contribuír ao seu desenvolvemento económico e promocional.

O pasado 17 de novembro reuniuse o xurado desta nova edición dos Premios Artesanía de Galicia 2021, e a gala de entrega dos Premios realizouse o día 13 de decembro no Hotel Monumento San Francisco

- Premio Artesanía de Galicia 2021

O xurado propuxo por unanimidade o outorgamento do Premio Artesanía de Galicia 2021 cunha dotación de 9.000 euros e trofeo acreditativo á peza co lema **ABISAL** presentada por IdoiaCuesta. Unha peza contemporánea que procede dunha raíz tradicional como é a cestería. Constrúe un concepto formal e técnico que afonda na innovación e na incorporación de novos materiais creando unha peza de gran beleza conceptual e formal.

Por unanimidade o xurado propón dous proxectos como finalistas:

O proxecto **Bolso Urbano** de Edita Oca. Obradoiro Jatafarta, destacando a súa técnica formal e coñecemento do oficio que se materializa nun bolso de liñas puras e ausente de adornos innecesarios como un valor de sostibilidade.

O proxecto **Candil** de Santiago Besteiro polo seu deseño e factura na realización dunha peza contemporánea.

- o Premio Traxectoria 2021

O xurado decidiu propoñer por unanimidade o outorgamento do Premio Traxectoria 2021 con trofeo acreditativo á candidatura presentada por AGA (Asociación Galega de Artesáns) para D. Álvaro Seivane Magide. Destacando a súa traxectoria profesional, contribución, posta en valor e promoción da Artesanía de Galicia e fundamentalmente polo seu compromiso coa divulgación e transmisión valores da Artesanía de Galicia e do patrimonio cultural galego.

- o Bolsa Eloy Gesto 2019

O xurado decidiu propoñer por unanimidade o outorgamento do Premio Bolsa Eloy Gesto 2021, cunha dotación de 4.000 euros e diploma acreditativo, á candidatura presentada por Julia de la Cal. La Parabólica para continuar a súa formación artística e empresarial na escola francesa "L'OseraieduPossible" en Vallauris.

Revista OBRADOIRO DE ARTESANÍA 2021

Coordinación da edición anual do número 19da revista Obradoiro de Artesanía. A través da publicación desta revista a Fundación pretende amosar un escaparate da ampla diversidade e riqueza do produto artesán galego, ao tempo que establece unha canle de comunicación do sector coas

diferentes liñas de actuación do goberno galego en materia de artesanía, así como unha plataforma de encontro entre a artesanía e outros sectores de interese coma o turismo, a gastronomía, a arte, a moda, a arquitectura ou a educación.

Edición: 19

Distribución: 5.000

Destinatarios/as: artesáns e artesás, asociacións artesanais, profesionais da arquitectura e da decoración, eventos e feiras nacionais e internacionais, oficinas de turismo, galerías, hoteis, bibliotecas, tendas, museos e outros.

Edición trilingüe (galego/castelán/inglés) para promocionar a comercialización nun mercado internacional cada vez máis interesado na nosa artesanía.

WEB ARTESANÍA DE GALICIA. Plataforma de visibilización e comercialización do sector.

A web artesianiadegalicia.xunta.gal constitúe unha plataforma de promoción para os obradoiros inscritos na marca Artesanía de Galicia, un showroom cos enlaces comerciais dos artesáns e artesás (en liña, con etiquetas intelixentes) e onde cobran protagonismo o PRODUTO, a/O ARTESÁ/N e o OFICIO.

Na primeira parte deste ano, a Fundación continuou coa actualización da páxina web, así como coa incorporación dos novos obradoiros da marca Artesanía de Galicia e a creación e a promoción dos seus perfís individuais dentro da web.

A Fundación elabora periodicamente dossiers, información puntual de obradoiros e dos seus produtos, realiza o

seguimento de medios, envío de mailing con información actualizada e utiliza as redes sociais (Facebook, Pinterest, Instagram, Twitter e Youtube) para a promoción da artesanía en medios nacionais e internacionais.

Dende xaneiro leváronse a cabo diferentes accións de visibilización e achegamento do sector artesán galego á sociedade e ao consumidor nas RRSSe diferentes revistas e publicacións.


- Colaboración coa Revista **Pincha**, vinculada ao proxecto **Artesanía no Prato**, a través da sección **Oído Artesanía**, unha serie de entrevistas con obradoiros artesáns relacionados coa restauración.
- Colaboración coa revista online **Teito Magazine** para a realización de reportaxes sobre diferentes obradoiros artesáns relacionados co deseño e coa decoración de interiores.
- Campaña **Artesanía de Galicia #nunclick**.

Co obxectivo de aproveitar o cambio dos hábitos de consumo, a Fundación está a impulsar unha campaña que consiga levar tráfico directo cara ás tendas online dos propios obradoiros.

Estase a desenvolver dende varias vías:

- Principalmente trátase dunha campaña en redes sociais (instagram e facebook) con fotografías realizadas pola Fundación de determinadas pezas seleccionadas de diferentes obradoiros que, á súa vez, están á venda nas súas tendas online
- Reportaxe na revista Martes.
- Reportaxe na revista Galicia de Moda.

- Campaña de **Unboxing** #AGASALLA dirixida a persoas de interese mediático de diferentes sectores (cine, teatro, moda, revistas especializadas, literatura, cociña, influencers, periodistas e tendas) que se suman á campaña actuando de prescriptores de Artesanía de Galicia.
- Promoción con sorteos de diferentes produtos con medios e influencers
- Colaboración con diferentes medios e publicacións (Whitepaperby, Spend-in, Vogue, Elle, Telva, Expansión, Fuera de Serie...)



No ano 2021 realizáronse máis de **14.000 accións de comunicación** con tendas nacionais e internacionais, obradoiros e medios especializados locais, nacionais e internacionais e prensa especializada a través das redes sociais e mailings.

A Fundación coordina, promove e difunde diferentes actuacións de interese para o sector artesanal a través das redes sociais.

- Identificación de puntos de información e consulta sobre instrumentos e axudas ás empresas.

- Programas de apoio ao crecemento: apoio financeiro, asesoramento en acceso a novos mercados e asesoramento empresarial.
- Difusión de titoriais online.
- Accións de comunicación específica dirixidas a fomentar a cultura exportadora.
- Sesións informativas sobre posibilidades de financiamento.
- Formación para a mellora do deseño web.
- Difusión, publicación e novidades de interese para o sector.
- Difusión de casos de éxito na colaboración.

¡Buen Camino! Google Arts&Culture

Colaboración co proxecto ¡Buen Camino!, da Xunta de Galicia e de Google Arts&Culture, no que se ofrece unha visión ampla e heteroxénea para coñecer e sentir a experiencia dos camiños de Santiago en 11 idiomas e dende calquera parte do mundo, inaugurada o 1 de outubro de 2021.

O proxecto incluía 108 exposicións online, 4750 fotografías e gravacións, 15 paseos virtuais con panorámicas de 360 graos e, por suposto, os nosos oficios artesáns a través de obradoiros de Artesanía de Galicia vinculados aos Camiños de Santiago.

Artesanía de Galicia está presente en tres apartados do proxecto:

- Exposición Sabedoría nas mans. Un percorrido polos oficios tradicionais da artesanía galega a través de obradoiros situados nos Camiños de Santiago. Referencia

a diferentes oficios tradicionais e obradoiros rexistrados na marca Artesanía de Galicia:

- Coiro no Camiño francés: Laia Zapateiros (Melide), Corzo Artesanía e Hermanos Gómez (Arzúa)
- Forxa e ferrería no Camiño Primitivo: Celso Ferreiro (A Fonsagrada)
- Traxe tradicional no Camiño Primitivo: Traxandaina (Lugo)
- Encaixe de bolillos no Camiño a Fisterra e Muxía
- Redeiras no Camiño portugués da costa: Asociación de Redeiras Atalaia (A Guarda)
- Carpintería de ribeira na ruta do Mar de Arousa: Astilleros Catoira (Rianxo), Astilleros Garrido (O Grove)
- Fundición de campás no Camiño Portugués: Campanas Ocampo (Caldas de Reis)
- Instrumentos de música tradicionais no Camiño Francés: Sanín percursión tradicional (Santiago de Compostela), Arxemilluthier (Sarria)
- Elaboración de máscaras na Vía da Prata: Arte Arrebol (Xinzo de Limia)
- Ourivería en Santiago de Compostela: Ricardo Rivas e Susi Gesto
- o Entrevista coa ceramista Lucía Catuxo, do obradoiro Cerámica Lucía Catuxo. Casa do cura (Trabada), no Camiño do Norte, dentro da exposición "Os oficios do Camiño".
- o As pezas de Alfarería Rulo (Buño), Branqueta (A Coruña) e Antonio Suárez (Vigo) preséntannos os ingredientes da elaboración da tarta de Santiago, que

protagoniza outra das reportaxes do proxecto ¡Buen Camino!

Catálogo de nadal 2021.

A Fundación recolle nunha **publicación online** as propostas de 82 obradoiros da marca Artesanía de Galicia para fomentar as compras durante este Nadal 2021

Co lema **“Artesanía de Galicia. Talento para regalar”**, anímase a confiar nos oficios artesanais, na artesanía de proximidade, no talento local e na calidade de Artesanía de Galicia. Co lema **“Artesanía de Galicia. Talento para regalar”**, a Xunta anima a confiar na artesanía de proximidade, na economía circular, no talento artesán galego, no feito en Galicia e na calidade. Entre os oficios que están representados atópanse a cerámica e a olería, o traballo co coiro, o téxtil, a elaboración de redes, o cartón pedra, a encadernación, os instrumentos musicais, a cestería, a madeira, a elaboración de lámpadas, os xoguetes, a xoiería, a bixutería, o vidro, a forxa, traballos de escaparatismo, o encaixe, a pasamanería, traballo coa pedra, a sombreiraría e a ilustración.

B) Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número		Nº de horas / ano	
	Previsto	Realizado	Previsto	Realizado
Persoal asalariado	7	7		
Persoal con contrato de servizos				
Persoal voluntario				

C) Recursos económicos empregados na actividade.

Gastos / Investimentos	Importe	
	Previsto	Realizado
Gastos por axudas e outros		
a) Axudas monetarias	13.000,00	14.700,00
b) Axudas non monetarias		
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno		
Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación		
Aprovisionamentos		
Gastos de persoal		
Outros gastos de explotación	50.000,00	44.688,72
Amortización do inmovilizado		
Deterioración e resultado por alleamento de inmovilizado		
Gastos financeiros		
Variacións de valor razoable en instrumentos financeiros		
Diferenzas de cambio		
Deterioración e resultado por alleamentos de instrumentos financeiros		
Impostos sobre beneficios		
Subtotal gastos	63.000,00	59.388,72
Investimentos (agás bens patrimonio histórico)		
Adquisicións bens patrimonio histórico		
Cancelación débeda non comercial		
Subtotal recursos	0,00	0,00
TOTAL	63.000,00	59.388,72

ACTIVIDADE 4

A) Identificación.

Denominación da actividade: Artesanía innovadora e colaborativa

Tipo de actividade:

4a. Innovación, deseño e creatividade como aposta de modernización do sector.

4b. Pulo á cooperación intra e intersectorial favorecendo espazos de encontro con diferentes axentes.

Lugar de desenvolvemento da actividade: Galicia

Descrición detallada da actividade realizada.**Accións de promoción da artesanía entre os sectores non artesáns de maior interese para a cooperación.**

Accións de difusión do valor engadido dos produtos artesáns e do saber facer dos seus profesionais.

Realización de accións de difusión do valor da incorporación da artesanía en relación con elementos como a calidade, a autenticidade e a exclusividade (valores cada vez máis demandados e valorados por un determinado perfil de clientes) como elemento diferencial que outros sectores poden incorporar facilmente en certas liñas da súa produción (liñas gourmet, liñas exclusivas, arquitectura, etc.)

- **XIII Xornadas Profesionais Artesanía no Prato**, 21 e 22 de novembro, Museo Gaiás da Cidade da Cultura, Santiago de Compostela.

Artesanía no Prato nace no ano 2013 durante a segunda edición do Corazón da Artesanía. Encontro de Artesanía Tradicional e Popular de Galicia celebrado en Agolada, co

obxectivo de establecer sinerxías entre artesanía, gastronomía e deseño, grazas á colaboración de cociñeiros do Grupo Nove que comezaron a empregar pezas da marca nos seus showcookings.

Actualmente hai máis de 40 obradoiros de Artesanía de Galicia que están a traballar con cociñeiros galegos e nacionais a raíz deste proxecto, así como con grandes empresas distribuidoras de utensilios para hostalería.

Obxectivos estratéxicos destas xornadas:

- Promocionar o sector artesanal e contribuír ao seu posicionamento no mercado actual.
- Ampliar a cota de mercado.
- Busca de sinerxías con outras disciplinas (gastronomía, hostalería, restauración, decoración, organización de eventos, etc.)
- Contribuír á sostibilidade deste sector

Nesta edición participaron 33 obradoiros da marca Artesanía de Galicia (10 que participaron por primeira vez).

No Espazo Cociña realizáronse demostracións gastronómicas nas que os asistentes puideron degustar pratos elaborados por 10 recoñecidos chefs galegos, en soportes de Artesanía de Galicia, e con produtos co selo Galicia Calidade, produtos de calidade Pesca de Rías e produtos da D.O.P. Mexillón de Galicia.

No Espazo Encontro realizáronse coloquios arredor do papel da artesanía no ámbito da cociña, no que participaron cociñeiros, artesáns e expertos en materia de artesanía. Un punto de encontro no que se reflexionou sobre temas

coma o deseño e a ética sostible, o impulso da innovación ou o proceso creativo do traballo artesán e o produto de proximidade.

Trátase dun proxecto recoñecido tanto a nivel nacional como internacional, sendo distinguido como exemplo de boas prácticas no programa europeo Crafting Europe, a través do cal recibimos nestas xornadas a visita de expertos de Finlandia.

Accións vinculadas ao proxecto Artesanía no Prato 2021

o Artesanía de Galicia colabora na experiencia formativa **I Aula Gastronómica 2021**, organizada por **Galicia Calidade**, achegando vaixelas e utensilios elaborados por diferentes obradoiros artesáns galegos.

A iniciativa pretende achegarlle os produtos e as marcas avaladas por Galicia Calidade e por Artesanía de Galicia aos estudantes e futuros restauradores galegos, a través de varias xornadas en centros de formación profesional e a cargo de reputados chefs.

o Artesanía de Galicia colaborou co evento **Food&Art 27 M**, celebrado o 27 de maio en Mallorca no estudio do fotógrafo Nando Esteva Producciones Fotográficas. Esta iniciativa pretende unir fotografía, vídeo e gastronomía nun mesmo espazo e contou coa participación de prestixiosos profesionais destes campos. Entre eles atópase o chef galego Iago Pazos, socio cofundador de Abastos 2.0 e O Loxe Mareiro, especializado na cociña de mercado e na cociña galega, revisada e actualizada e sempre vinculada aos produtos do mar.

o **Artesanía no Prato** da Xunta de Galicia é recoñecido como exemplo de **boas prácticas no programa europeo Crafts**

Code organizado por FUNDESARTE (EOI). A iniciativa foi seleccionada para aparecer na plataforma de políticas formativas de Interreg Europe, como modelo para os sectores artesáns doutras rexións europeas para vincular a artesanía con outros sectores e crear sinerxías.

A Fundación Pública Artesanía de Galicia participa desde o ano pasado neste programa europeo orientado a mellorar a competitividade das pemes no ámbito da artesanía, impulsar o seu crecemento e promover a innovación.

- **Exposición Os roteiros da forma** 26 de febreiro ao 26 de marzo, Pontevedra. Nesta iniciativa participaron 14 obradoiros artesáns. Colaboración iniciada no ano 2020 coa exposición individual de Frank Buschman **Feito de Estrelas** Publicación dun libro que recolle esta experiencia colaborativa.

Busca explicitar outras formas de conexión que permitan observar o proceso creativo como algo múltiple, próximo e comprensible no que se engloban diversas manifestacións, mediante unha selección de autores que traballan abrazando ambas as dúas disciplinas ou intervindo nos modos de creación tradicionais a través de solucións xenuínas.

Dende esta perspectiva, esta mostra pretende achegarse á artesanía galega, buscando reforzar os vínculos que a unen coas artesas plásticas e defender os seus valores, a manufactura, a concordancia entre a técnica, a estética e a funcionalidade e a capacidade de conxugar a tradición coas demandas máis contemporáneas. É necesario sinalar a importancia dos modos de produción artesanal nun contexto de consumo masivo, dirixir a mirada cara ao conxunto de creadores que contribúen á revisión do oficio, buscando solucións entre convivencia e innovación.

Publicación catálogo Feito de Estrelas/0s roteiros da forma

- Foro Profesional de Instrumentos Musicais #Resonancias, celebrado os días 4 e 5 de agosto **XV Edición de Música no Claustro**, do 1 ao 7 de agosto na Catedral de Tui

Encontro profesional centrado na investigación, na documentación, na innovación nas técnicas de construción de instrumentos, así como na restauración e na conservación preventiva.

A Fundación patrocinou este foro co obxectivo de achegar a profesionalización e a divulgación dos oficios artesanais nun diálogo co tecido artístico, de crear un espazo de intercambio de coñecemento e de creación de sinerxias no tecido artesán, así como plataforma de impulso da investigación e da innovación no eido dos instrumentos musicais.

- **Reunión del Observatorio Nacional de la Artesanía**, 5 de novembro, CGAC, Santiago de Compostela. Galicia acogió el primer encontro presencial tras la pandemia con representantes de 11 Comunidades e da OAE (Organización de Artesanos de España) co obxectivo de establecer mecanismos de cooperación entre as administracións públicas en materia de artesanía. Encontro patrocinado por Fundesarte e organizado pola Fundación.

B) Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número		Nº de horas / ano	
	Previsto	Realizado	Previsto	Realizado
Persoal asalariado	7	7		
Persoal con contrato de servizos				
Persoal voluntario				

C) Recursos económicos empregados na actividade.

Gastos / Inversións	Importe	
	Previsto	Realizado
Gastos por axudas e outros		
a) Axudas monetarias		
b) Axudas non monetarias		
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno		
Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación		
Aprovisionamentos		
Gastos de persoal		
Outros gastos de explotación	66.000,00	43.405,10
Amortización do inmovilizado		
Deterioración e resultado por alleamento de inmovilizado		
Gastos financeiros		
Variacións de valor razoable en instrumentos financeiros		
Diferenzas de cambio		
Deterioración e resultado por alleamentos de instrumentos financeiros		
Impostos sobre beneficios		

Subtotal gastos	66.000,00	43.405,10
Investimentos (agás bens patrimonio histórico)		
Adquisicións bens patrimonio histórico		
Cancelación débeda non comercial		
Subtotal recursos	0,00	0,00
TOTAL	66.000,00	43.405,10

II. Beneficiarios ou usuarios das actividades.

En relación aos usuarios e beneficiarios de cada unha das actividades, non é doado a súa cuantificación de maneira individual para cada unha das actuacións nas que a Fundación participou durante o exercicio. Estímase un total de 200.000 persoas como usuarias ou beneficiarias dos plans de actuación desenvolvidos en 2021 pola Fundación. A cancelación de moitos eventos con actividade presencial modificouse cun incremento de actividades virtuais (promoción en RRSS, webinaros, encontros na rede, interaccións na nova páxina web, mailings) e a propia revista institucional (física e dixital) Obradoiro de Artesanía.

GASTOS / INVESTIMENTOS	A1	A2	A3	A4	Inmovilizado	Total actividades	Non imputados ás actividades (*)	TOTAL
Gastos por axudas e outros								
a) Axudas monetarias			14.700,00			14.700,00		14.700,00
b) Axudas non monetarias								
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno								
Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación								
Aprovisionamentos								
Gastos de persoal							276.358,02	276.358,02

Outros gastos de explotación	182.574,34	80.219,95	44.688,72	43.405,10		350.888,11	59.324,65	410.212,76
Amortización do inmovilizado					3.237,38	3.237,38		3.237,38
Deterioración e resultado por alleamento de inmovilizado								
Gastos financeiros								
Variacións de valor razoable en instrumentos financeiros								
Diferenzas de cambio								
Deterioración e resultado por alleamentos de instrumentos financeiros								
Impostos sobre beneficios								
Subtotal gastos	182.574,34	80.219,95	59.388,72	43.405,10	3.237,38	368.825,49	335.682,67	704.508,16

Investimentos (agás bens patrimonio histórico)								
Adquisicións bens patrimonio histórico								
Cancelación de débeda non comercial								
Subtotal investimentos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL RECURSOS EMPREGADOS	182.574,34	80.219,95	59.388,72	43.405,10	3.237,38	368.825,49	335.682,67	704.508,16

(*) Correspóndense con gastos xerais da fundación, que non se imputan directamente ás actividades.

V. Recursos económicos totais obtidos pola entidade.**A. Ingresos obtidos pola entidade**

INGRESOS	Previsto	Realizado
Rendas e outros ingresos do patrimonio		
Vendas e prestación de servizos das actividades propias	15.000,00	29.620,47
Ingresos ordinarios actividades mercantís		
Subvencións do sector público	673.753,00	674.976,98
Achegas privadas		
Outros tipos de ingresos	0,00	0,00
TOTAL RECURSOS OBTIDOS	688.753,00	704.597,45

B. Outros recursos económicos obtidos pola entidade

OUTROS RECURSOS	Previsto	Realizado
Débedas contraídas	0,00	0,00
Outras obrigas financeiras asumidas	0,00	0,00
TOTAL OUTROS RECURSOS OBTIDOS	0,00	0,00

Axúntase como Anexo I, a liquidación do orzamento.

V. Convenios de colaboración con outras entidades

Durante 2021 non se asina ningún convenio de colaboración.

VI. Desviacións entre plan de actuación e datos realizados

Durante o exercicio 2021 a Fundación para os seus obxectivos e compromisos na realización das actividades propias, destinou para a súa realización, ademais das transferencias de capital recibidas para tal fin, os ingresos da participación dos usuarios no custo de actividades, e ingresos financeiros.

13.2. Aplicación de elementos patrimoniais a fins propios.

A totalidade dos bens da Fundación están afectos a fins fundacionais ao 31 de decembro de 2021.

Ano	INGRESOS BRUTOS COMPUTABLES	GASTOS NECESARIOS COMPUTABLES (*)	DIFERENZA	IMPOSTOS	RENDA PARA DESTINAR (acordada polo Padroado)		RECURSOS DESTINADOS A FINS (GASTOS + INVESTIMENTOS)	APLICACIÓN DOS RECURSOS DESTINADOS EN CUMPRIMENTO DOS SEUS FINS *						
					%	Importe		2016	2017	2018	2019	2020	IMPORTE PENDENTE	
2017	721.139,62	279.273,25	441.866,37	0,00	100,00	441.866,37	441.866,37	441.866,37						0,00
2018	718.681,48	332.952,31	385.729,17	0,00	100,00	385.729,17	385.729,17		385.729,17					0,00
2019	728.883,12	343.246,76	385.636,36	0,00	100,00	412.438,40	412.438,40			412.438,40				0,00
2020	708.936,91	325.888,74	383.047,17	0,00	100,00	383.047,17	383.047,17				383.047,17			0,00
2021	704.597,45	335.682,67	368.914,78	0,00	100,00	368.914,78	368.914,78					368.914,78		0,00
TOTAL								441.866,37	385.729,17	412.438,40	383.047,17	368.914,78		0,00

(*) Gastos necesarios computables correspóndense con gastos específicos de funcionamento da fundación (aluguer, totalidade dos salarios, material de oficina, etc.). Todos os demais custos son aplicados ós proxectos da fundación para fins propios.

SECRETARIA

Vº E Pr PRESIDENTE

INGRESOS BRUTOS COMPUTABLES

A) Ingresos obtidos polo alleamento ou gravame de bens e dereitos achegados en concepto de dotación.			
Nº de conta	Partida da conta de resultados	Detalle da operación	Importe
725	Subvencións, doazóns e legados	Subvencións recibidas da Xunta de Galicia	674.976,98
720 - 759	Achegas de usuarios	Cotas de usuarios e ingresos por venta de pezas de artesanía	29.620,47
761	Ingresos Financeiros	Ingresos derivados da imposición	0,00
SUBTOTAL			704.597,45

B) Ingresos obtidos pola transmisión onerosa de bens inmobles en que se desenvolve a actividade en cumprimento de fins coa condición de reinvestilos en bens inmobles coa mesma finalidade

Non aplica

C) Gastos imputados directamente ao patrimonio neto por cambio de criterios contables, emenda de erros de exercicios anteriores ou cambios de criterios

Non aplica

TOTAL INGRESOS BRUTOS COMPUTABLES	704.597,45
--	-------------------

GASTOS NECESARIOS COMPUTABLES

A) Gastos necesarios computables (gastos indirectos non imputados ás actividades)	
Conceptos de gasto	Importe
Gastos de persoal	276.358,02
Outros gastos de explotación	59.324,65
Amortización do inmovilizado - imputado en actividades	
SUBTOTAL	335.682,67

B) Ingresos imputados directamente ao patrimonio neto por cambio de criterios contables, emenda de erros de exercicios anteriores ou cambios de criterios contables

Non aplica

TOTAL GASTOS NECESARIOS COMPUTABLES	335.682,67
--	-------------------

RECURSOS DESTINADOS NO EXERCICIO A CUMPRIMENTO DE FINS

RECURSOS ECONÓMICOS IMPUTADOS ÁS ACTIVIDADES FUNDACIONAIS	IMPORTE
1. Gastos das actividades desenvolvidas en cumprimento de fins (sen amortización nin correccións por deterioración)	368.825,49
- Axudas Monetarias	14.700,00
- Outros gastos de explotación	354.125,49
2. Investimentos realizados en actividades desenvolvidas en cumprimento de fins	0,00
TOTAL RECURSOS DESTINADOS NO EXERCICIO (1) + (2)	368.825,49

13.3. Gastos de administración

Durante o exercicio 2021 non imputa ningún gasto de administración de acordo co establecido no artigo 31 de Decreto 14/2009 polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego.

14. OPERACIÓNS CON PARTES VINCULADAS

1. Persoal de alta dirección e membros do padroado:

Son membros do Padroado da Fundación as persoas que a continuación se detallan:

Identificación	Cargo
Francisco José Conde López	Presidente
Cristina Sánchez Cajaraville	Secretaria
Pablo Casal Espido	Vogal
María del Carmen Martínez Insua	Vogal
Manuel Vila López	Vogal
Manuel Heredia Pérez	Vogal
Marta López Quintáns	Vogal
Laura Fontenla Fontenla	Vogal
Óscar Rodríguez Blanco	Vogal
Susana E. González Amado	Vogal

A Fundación non satisfixo remuneración algunha ós membros do Padroado, nin se lles concedeu anticipo ou crédito algún ao 31 de decembro de 2021, agás o reflectido noutros puntos desta memoria. Tampouco ten contraídas cos mesmo, obrigas en materia de fondos de pensións, seguros de vida ou a título de garantía.

15. OUTRA INFORMACIÓN

1. Auditoría.

O importe dos honorarios correspondentes a auditoría das contas anuais do exercicio 2021 ascenden a 5.000 euros, o mesmo importe que no exercicio anterior (sen incluír IVE).

2. Información Medioambiental.

Á data de formulación das presentes contas non existen riscos nin continxentes coñecidos desta natureza.

3. Acontecementos posteriores ao peche.

Non existen feitos acaecidos con posterioridade ao peche que afectan ás contas anuais a dita data.

4. Cambios no órgano de goberno, dirección e representación.

Durante o exercicio 2021 produciuse o cambio de un vogal por cese e nomeamento de novos cargos na Administración, e o secretario está pendente de nomear por estar vacante o posto.

5. Número medio de persoas empregadas no curso do exercicio, expresado por categorías e distinguindo o sexo, detállase no seguinte cadro:

	2021		
	Homes	Mulleres	Total
Xerente	-	1	1
Técnico Superior	1	2	3
Técnico Medio	-	1	1
Auxiliar Administrativo	-	2	2
Total	1	6	7

6. De acordo co artigo 36 da antedita Lei de Fundacións de Interese Galego, a Fundación presenta nesta memoria das contas anuais, información relativa á liquidación do plan de actuación do exercicio rematado, onde se especifican o grao exacto de cumprimento deste, diferenciando entre ingresos e gastos e mais describindo os recursos empregados, a súa procedencia, o número de beneficiarios en cada unha das distintas actuacións realizadas e os convenios que, de ser o caso, se levasen a cabo con outras entidades para o cumprimento da finalidade fundacional.

A Fundación Pública Artesanía de Galicia nace co obxectivo de contribuír á promoción e ao desenvolvemento do sector artesanal galego, apostando polo achegamento da marca Artesanía de Galicia ao consumidor, promovendo a innovación do produto artesanal, asesorando e mellorando a capacidade de adaptación dos artesáns e obradoiros artesanais ás novas tendencias do mercado e ao deseño.

16. INVENTARIO

<i>Código de Activo</i>	<i>Descrición</i>	<i>Valor Adquisición</i>	<i>Valor contable</i>	<i>Fecha Ini Amort.</i>
1	WINDOWS XP PROFESIONAL	90,00	0,00	26/11/04
2	WINDOWS XP PROFESIONAL	90,00	0,00	26/11/04
40	BASE DE DATOS ORACLE ESTANDAR EDITION ON	928,00	0,00	07/04/08
52	LICENCIA WINDOWS XP HOME EDITION SP3	135,00	0,00	28/05/10
56	MICROSOFT OFFICE 2010	3.962,00	0,00	

	PROFESIONAL (7UDS)			04/03/11
59	WINDOWS 7 HOME PREMIUN LICENCIA 64 BITS	182,13	0,00	15/02/16
61	INMOV FICTICIO COMPENSACION 0100150011	7,85	0,00	01/01/17
67	PROGRAMA CONTABILIDAD A3	3.553,77	1.384,52	25/02/20
Total	20600000	8.948,75	1.384,52	
3	DVD SONY 585-PS	123,10	0,00	26/11/04
4	CAÑON MITSUBISHI XL5	1.939,65	0,00	26/11/04
7	SILLON ZEN DE INCLASS	473,28	0,00	29/12/06
8	SILLON ZEN INCLASS	1.229,60	0,00	29/12/06
9	SILLA EINA DE ENEA (10 UDS)	1.856,00	0,00	29/12/06
10	SOFA TRES PLAZAS INCLASS DE ANDREA	740,08	0,00	29/12/06
11	SILLA GOAL DE INTERSTUHL (6 UDS.)	2.728,32	0,00	29/12/06
12	SILLA CONFIDENTE ENIA DE ENEA (2 UDS)	371,20	0,00	29/12/06
13	CAJONERA CONCERT DE PERMASA	389,76	0,00	29/12/06
14	MODULO LIBRERIA CONCERT DE PERMASA	1.704,04	0,00	29/12/06
15	LIBRERIA BAJA PERMASA (2 UDS)	542,88	0,00	29/12/06
16	CAJONERA METALICA DE PERMASA	1.552,08	0,00	

	(6 UDS.)			29/12/06
17	LIBRERIA ALTA DE PERMASA (5 UDS)	2.250,40	0,00	29/12/06
18	LIBRERIA MEDIA DE PERMASA (3 UDS.)	1.064,88	0,00	29/12/06
19	LIBRERIA DIAFANA (3 UDS)	709,92	0,00	29/12/06
20	ESTANTERIA ALMACEN (9 UDS)	1.011,11	0,00	29/12/06
21	MESA CONCERT DE PERMASA	897,84	0,00	29/12/06
22	ALA CONCERT DE PERMASA	457,04	0,00	29/12/06
23	MESA CONCERT DE PERMASA	656,56	0,00	29/12/06
24	MESA REUNIONES CONCERT DE PERMASA	895,52	0,00	29/12/06
25	MESA INCLASS DE ANDREA	168,20	0,00	29/12/06
26	MESA CONCERT DE PERMASA (6 UDS.)	4.064,64	0,00	29/12/06
27	ALA MESA CONCERT DE PERMASA (6 UDS.)	1.719,12	0,00	29/12/06
28	PERCHERO PARAGUERO	164,50	0,00	29/12/06
29	PERCHERO PARAGUERO CAPTUS (2 UDS)	272,00	0,00	29/12/06
30	LAMPARA SOBREMESA ARTEMIDE	255,20	0,00	29/12/06
31	LAMPARA DE PIE CONSTANZA	280,00	0,00	29/12/06

32	PAPELERA ECO DE REXITE (8 UDS.)	156,00	0,00	29/12/06
33	PAPELERA ECO DE REXITE	21,49	0,00	29/12/06
34	PARAGUERO PLATEA DE MOBLES	131,95	0,00	29/12/06
35	REVISTERO NEW REXITE	162,50	0,00	29/12/06
42	SILLA GOAL TRABALLO	499,96	0,00	19/06/08
43	CAJONERA METALICA	259,84	0,00	19/06/08
44	MESA CON FALDON SOPORTE CPU E BANDEXA EL	741,24	0,00	19/06/08
45	ALA DE MESA	310,88	0,00	19/06/08
46	PAPELERA ECO DE REXITE	20,88	0,00	19/06/08
47	ESTANTERIAS ALMACEN FUNDACION	858,40	0,00	28/08/08
Total	21600000	31.680,06	0,00	
5	FAX LASER BROTHER 8360P	497,64	0,00	08/03/06
6	RATON OPTICO USB	20,76	0,00	07/11/06
36	IMPRESORA MULTIFUNCION LASER	490,00	0,00	01/12/07
37	ORDENADOR SOBREMESA XERENTE	805,20	0,00	07/12/07
38	MONITOR / TECLADO XERENTE	263,97	0,00	07/12/07

39	SERVIDOR IBM	5.152,72	0,00	07/04/08
41	PANTALLA MONITOR TFT 17" LG	171,56	0,00	27/05/08
48	ORDENADOR EVEN	701,89	0,00	16/12/08
49	IMPRESORA HP CM1312MPF	523,65	0,00	30/12/08
53	CPU SOBREMESA AMD AM3 64240/146B DD 500	501,51	0,00	28/05/10
54	PANTALLA ORDENADOR (2 UDS)	339,90	0,00	28/05/10
55	DISCO DURO DATOS	104,99	0,00	28/05/10
57	4 CPU'S E 1 MONITOR	2.395,98	0,00	26/10/11
58	COPIADORA MFP SHARP A3 COLOR DIGITAL	5.805,40	0,00	27/02/13
60	CAJA SEMITORRE I5, 8GB, 1T	597,53	0,00	15/02/16
62	ORDENADOR TTL TEKNGORO (XERENTE)	725,00	0,00	18/05/17
63	CPU GAMING MARS (SERVIDOR)	1.798,40	9,14	08/01/18
64	CPU ATX COOLBOX F800 (MARIA N)	771,70	3,90	08/01/18
65	PCDAFU-CAIXA F800U3-0 FA (ORDENADOR DAN)	906,00	259,57	07/02/19
66	ORDENADOR PORTATIL LENOVO T440S 17 PLT44	549,99	214,61	16/07/19
68	SERVIDOR PROGRAMA CONTAB A3	3.169,21	1.762,12	

				23/03/20
69	ORDENADOR SOBREMESA MARIA GUERREIRO	787,09	563,98	13/11/20
Total	21700000	27.080,09	2.813,32	
50	AIRE ACONDICIONADO FUNDACION	4.377,26	0,00	13/02/09
51	AIRE ACONDICIONADO FUNDACION	4.377,26	0,00	18/02/09
Total	21900000	8.754,52	0,00	
	Total Empresa	76.463,42	4.197,84	

Esta Memoria formúlase polo Órgano de Xestión, para a súa aprobación por parte do Padroado da Fundación, e no seu caso, presentación ao Padroado co obxecto do seu depósito no correspondente Rexistro de Fundacións de Interese Galego, tras o oportuno exame e comprobación, todo, de acordo coa lexislación vixente.

O Órgano de Xestión

Elena Fabeiro Castro

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2022

